Convenio de colaboración entre o Consello Consultivo de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o uso dos servizos da Rede de Telecomunicacións Corporativa da Xunta de Galicia.

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia** (Amtega), con NIF Q1500382E, e no seu nome e representación **D. Damián Rey Rodriguez**, na súa calidade de director, segundo se establece no Decreto 117/2025, do 29 de decembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de conformidade co disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, de 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, **D. Andrés Lago Louro**, actuando en representación do **Consello Consultivo de Galicia**, segundo o nomeamento contemplado no Decreto 183/2024, do 3 de outubro (DOG nº 193, do 7 de outubro), en calidade de Presidente, actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 18 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e o artigo 13 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia; con CIF-1500011J, e sede social no Pazo de Amarante, R/ Algalia de Abaixo, 24-2º, 15704 Santiago de Compostela.

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade, respectivamente, para formalizar o presente convenio de colaboración.

En virtude do anterior,

EXPOÑEN

1. De conformidade ao artigo 1 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, de 21 de xaneiro, a Amtega ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico

2. Esta Axencia xorde pola necesidade de constituír unha entidade única de xestión. De acordo co artigo 9.2 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011 do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, de 21 de xaneiro, entre as funcións da Amtega atópanse as seguintes:

    a. Dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve

b. Elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.

c. Definición dos estándares e directrices tecnolóxicas a que deberán axustarse a que deberán axustarse a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

d. Promoción da inclusión e execución do despregamento das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos.

e. Deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa, incluíndo a planificación, deseño, xestión e operación das tecnoloxías e sistemas que garantan o funcionamento dunha Administración completamente dixital. .

f. Fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

g. Definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e os servizos de telecomunicacións do sector público autonómico.

h. Dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.

3. Para a realización dos fins institucionais deste centro directivo, é preciso acometer a contratación de determinados servizos ou prestacións en base ás competencias recollidas no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, de 21 de xaneiro, e en concreto, a contratación do Servizo da Rede de Telecomunicacións Corporativa da Xunta de Galicia.

4. Para estes efectos, hai que ter en conta que o artigo 85 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece que *"1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dispoñen dunha rede de acceso que integra voz e datos nas súas principais dependencias, a denominada Rede corporativa da Xunta de Galicia (RCXG), que proporciona servizos de datos, internet, telefonía fixa e telefonía móbil.*

2. Os accesos aos servizos de telecomunicacións nos edificios e nos conxuntos inmobiliarios en que a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico desenvolven a súa actividade deberán cumprir coas medidas de seguridade e de continuidade dos sistemas, dos datos, das comunicacións e dos servizos electrónicos aplicables conforme a regulación vixente.

3. A entidade responsable da xestión da infraestrutura de telecomunicacións do sector público autonómico será a competente para supervisar e autorizar internamente as conexións da Rede corporativa con redes públicas de acceso aos devanditos servizos, establecendo as condicións específicas que se deben garantir conforme a regulación vixente".

5. Así mesmo, o 87 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, dispón que a entidade do sector público autonómico competente en desenvolvemento dixital será a responsable de administrar e controlar as infraestruturas dixitais que dean soporte aos servizos regulados nesta lei, garantindo a súa

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve

seguridade, debendo entenderse como tal á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en virtude do disposto no seu artigo 125, segundo o cal para os efectos desta lei, enténdese como entidade con competencias en desenvolvemento dixital a entidade do sector público autonómico á que lle corresponde a elaboración, o desenvolvemento e a execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia, entidade á que lle corresponde o desenvolvemento de aquelas actuacións, derivadas do exercicio das súas competencias, que sexan necesarias para o desenvolvemento tecnolóxico dos instrumentos que fagan posible a execución das previsións contidas nesta lei.

6. Coa finalidade de posibilitar a incorporación de entes que non forman parte do sector público autonómico, en cumprimento dos principios de colaboración, cooperación e eficiencia na xestión dos recursos públicos, compartindo o uso de recursos comúns, establecidos, nos artigos 128 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia e 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público, procede acudir ás técnicas de cooperación establecidas no artigo 144 da Lei 40/2015 a través da prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións públicas mediante a subscrición dos correspondentes convenios ou acordos no que se prevean as condicións e compromisos a asumir por cada unha das entidades que se incorporen ao contrato.

Con base nos antecedentes mencionados, as partes acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Por medio deste convenio o Consello Consultivo de Galicia adhírese ao contrato de prestación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia, que será licitado pola Amtega. A adhesión farase de acordo coas bases e condicións que no convenio se establecen.

Segunda.- Desenvolvemento da colaboración entre as partes

I. Obrigas da Amtega

i. Licitar o contrato de prestación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia, no que se incluirá o Consello Consultivo de Galicia. A Amtega actuará como órgano de contratación, encargado de tramitar o expediente e adxudicar o contrato.

A Amtega porá a disposición do Consello Consultivo de Galicia os pregos da licitación, unha vez informados pola Asesoría Xurídica, para que nun prazo máximo de dous días manifeste a súa conformidade ou, alternativamente, o seu desexo de resolver este convenio e non participar na licitación.

Unha vez adxudicado, a Amtega comunicaralle ao Consello Consultivo de Galicia o adxudicatario do contrato, o importe de adxudicación e calquera outra información referente ao contrato que poida serlle de interese.

ii. Poñer a disposición do Consello Consultivo de Galicia os servizos de rede corporativa contratados a través da licitación citada.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve

iii. Realizar as xestións cos provedores do contrato en calidade de coordinadores do servizo na Xunta de Galicia.

iv. Actuar no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste convenio. Deste xeito, poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da axeitada coordinación nas relacións internas co Consello Consultivo de Galicia.

II. Obrigas do Consello Consultivo de Galicia

i. Cumprir con todas as obrigas e condicións establecidas no contrato correspondente.

ii. Efectuar a recepción dos servizos prestados, que deberán coincidir coas características e prezos que se establezan no contrato licitado pola Amtega.

iii. O Consello Consultivo de Galicia deberase facer cargo do abono do prezo dos servizos prestados segundo as condicións establecidas no contrato do Servizo da Rede de Telecomunicacións Corporativa da Xunta de Galicia. Os pagos realizaranse directamente ao adxudicatario do contrato licitado pola Amtega, previa emisión da correspondente factura. En caso de que o Consello Consultivo de Galicia se demorase nese pagamento, de xeito que xerasen xuros de demora ou indemnizacións por custos de cobramento a favor do contratista, corresponderalle ao Consello Consultivo de Galicia o seu aboamento, nos termos do artigo 198.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Así mesmo, en caso de que a demora se prolongase por enriba dos prazos establecidos nos puntos 5 e 6 do mesmo artigo, poderá proceder a suspensión ou a resolución do servizo recibido polo Consello Consultivo de Galicia sendo ao seu cargo os posibles resarcimentos a que tivese dereito o contratista por ese motivo.

Terceira.- Financiamento

Este convenio non implica compromisos económicos directos para ningunha das partes. Sen prexuízo diso, correrá a cargo do Consello Consultivo de Galicia o aboamento do prezo derivado dos servizos que se lle presten con cargo ao contrato, e de acordo cos criterios que resulten deste. Para este fin, o Consello Consultivo de Galicia garante a esixencia de crédito axeitado e suficiente. O importe destes compromisos, para cada unha das anualidades do contrato, non superará os seguintes importes:

- Anualidade 1 (2026): 2.029,21 €
- Anualidade 2 (2027): 8.568,68 €
- Anualidade 3 (2028): 8.568,68 €
- Anualidade 4 (2029): 6.539,47 €

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve

Cuarta.- Comisión de Seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do Convenio.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- O seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.
- Negociar e determinar as cantidades que, no seu caso, deberá aboar cada unha das partes ao contratista en concepto de indemnización nos supostos de resolución do contrato (artigos 213 e 313 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público), suspensión da súa execución (artigo 208) ou naqueloutros en que legalmente puidese proceder. En todo caso, a indemnización que deba afrontar o Consello Consultivo de Galicia determinarase en atención á porcentaxe de participación que teña esta no conxunto dos servizos contratados, e ao seu grao de responsabilidade na produción da causa que a motive.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Coordinación das funcións de ambas as dúas partes asinantes do convenio.
- Resolver as dúbidas de interpretación e cumprimento que poida xerar a execución do convenio.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio.

Quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e vencerá cando finalice o prazo de execución que inicialmente se estableza para o contrato de prestación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia, sen que en ningún caso se poidan superar os catro anos contados desde a data de sinatura do convenio.

O convenio poderá ser prorrogado antes do seu vencemento por acordo expreso das partes nos seguintes supostos:

a) Se o vencemento do convenio se fose producir antes de que remate a vixencia inicialmente establecida para o contrato de prestación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia.

b) En caso de que se proxecte prorrogar o dito contrato.

En calquera dos dous supostos, o convenio poderá prorrogarse como máximo ata a data en que se vencería o dito contrato, incluída, de ser o caso, a prórroga deste. Non obstante, e en calquera caso, a prórroga do convenio en ningún caso poderá superar a súa duración inicial.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve

De non acordarse a prórroga do convenio en calquera dos supostos indicados, o Consello Consultivo de Galicia poderá deixar de recibir a prestación do servizo, nos termos que se establecerán nos pregos, a partir da data de vencemento do convenio.

Sexta.- Resolución e modificación

Serán causa de resolución do convenio:

- O mutuo acordo das partes asinantes
- A manifestación fidedigna por parte do Consello Consultivo de Galicia do seu desexo de non participar na licitación, unha vez lle sexan facilitados os pregos informados pola Asesoría Xurídica, nos termos establecidos na cláusula segunda.I.i.
- A finalización da vixencia do contrato de prestación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa que adxudique a Amtega, ou a súa resolución anticipada. Porén, en caso de que a licitación quede deserta, o convenio non perderá a súa vixencia, podendo iniciarse unha nova licitación de acordo co disposto nel.
- O incumprimento das obrigas sinaladas neste convenio por algunha das partes.

O convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes asinantes.

Sétima.- Resolución de Litixios

As cuestións litixiosas que poidan plantexarse respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio que non poidan ser resoltos pola comisión de seguimento serán competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa.

Oitava.- Protección de Datos

a) Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no Convenio.

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste acordo de colaboración, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos seus datos será a execución do presente acordo de colaboración.

No caso de que, no ámbito deste acordo de colaboración, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados coa única

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve

finalidade de executar as prestacións derivadas do presente convenio, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

b) Deber de confidencialidade das partes intervenientes no acordo de colaboración.

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle foran confiados para a formalización do acordo de colaboración ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste acordo de colaboración e para as finalidades previstas no mesmo;

- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do acordo de colaboración;

- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;

- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente acordo de colaboración, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos anos desde o coñecemento desa información.

c) Condición de encargado do tratamento da Amtega.

No caso de que a Amtega, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos obxecto do presente acordo de colaboración, teña a consideración de encargado do tratamento aos efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do RXPD e o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) darase cumprimento ás obrigacións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

1. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

2. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se a Amtega, como encargado do tratamento, considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.

3. Levar por escrito un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no artigo 30 do RXPD.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve

4. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. A Amtega poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último. Do mesmo xeito, autorízase á Amtega a subcontratar os servizos necesarios para o cumprimento e bo fin da prestación convida. Neste caso, as entidades subcontratistas, terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste contrato para esta figura e as instrucións que dite o responsable do tratamento. Á Amtega corresponderalle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade…) ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas.

No caso de incumprimento por parte do subencargado, a Amtega seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

5. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

6. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. A Amtega manterá a disposición do responsable do tratamento a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigación.

7. Velar porque se imparta formación en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

8. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que esta poida cumprir coa súa obrigación de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, a Amtega facilitará ao responsable do tratamento, a requirimento desta, e á maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante a estes efectos.

9. Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPD.

10. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

11. Garantirá a implantación das previsións recollidas no R.D. 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve

- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

12. Poñer a disposición do responsable do tratamento toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable do tratamento ou outro auditor autorizado.

13. Comunicar a identidade e datos de contacto do delegado de protección de datos da Amtega.

14. Devolver ao responsable do tratamento, en caso de resolución do presente acordo de colaboración, os datos persoais e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos sistemas informáticos utilizados pola Amtega. Non obstante, a Amtega poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do acordo de colaboración.

Novena- Réxime Xurídico.

O presente acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto polas derivadas de dereito privado.

O presente acordo está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Non obstante, aplicaranse os principios contidos nesa norma legal para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O director da Amtega	O Presidente do Consello Consultivo de Galicia
Damián Rey Rodriguez	Andrés Lago Louro

Asinado por: DAMIAN REY RODRIGUEZ
Cargo: Director da Axencia
Data e hora: 16/04/2026 12:30:31

Asinado por: LAGO LOURO, ANDRES
Cargo: Presidente
Data e hora: 15/04/2026 13:41:16

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P0dc80pWSEB8 https://sede.xunta.gal/cve